

Ferrol, 12 de decembro de 2016

*Aos compañeiros sacerdotes, ás comunidades parroquiais,
aos relixiosos e aos leigos que celebran o Nadal*

Benqueridos amigos, benqueridas amigas:

Una vez mais tócanos poñer en valor o sentido fondo dunha festa que a tradición cristiana do noso pobo foi mantendo durante séculos, enchéndoa de cánticos, de luces, de reencontros familiares en torno a una mesa ben abastecida...

Iniciativas e sentementos todos moi bos pero que a sociedade consumista reconduce para facer caixa de xeito que a tradición permanece pero o acontecemento que está na súa orixe foi perdendo o relevo que merece ¡Cánta xente quedou coa cáscara e perdeu o froito!

“CHAMADOS A SER COMUNIDADE”

Velaquí a reacción lóxica de quen se sente visitado polo Señor, de quen o acolle contento.

Velaquí unhas claves para abrir camiños a quen buscan como responderlle:

- A convivencia humana, sempre difícil, é posible se Xesús está no medio.
- O individualismo que se respira no ambiente é planta invasora a extirpar de contado.
- As pobrezaas que temos non nos apartan da comunidade, ao contrario chámannos a contruila.
- As diferencias entre as persoas enriquecen á comunidade.
- Os inmigrantes, os refuxiados son benvidos entre nós.
- É de xustiza recoñecer que o que somos debémolo á comunidade.

Estos pasos van na boa dirección de quen quere ser verdadeiramente humano e humanizar a sociedade na que vive. Sos non podemos conseguilo, aínda que estamos feitos á imaxe dun Deus que é comunidade. Xesús, que é Deus connosco, é quen nos habilita, nos capacita para poder facelo.

Temos, logo, motivo abondo para facer festa, sabemos qué celebramos.

¡Bó Nadal! ¡Boa Comunidade!

Alfonso Gil Montalbo